

A ROSA TERRA

IDEARIUM
DAS

IRMANDADES
DA FALA

Ano XIII

N. 59

1.º de Abril de 1929

CAMILLO DIAZ

NÓS, Publicacións Galegas e Imprenta Real 36-1.º A Cruña.

Si ainda non ten as nosas produccións pídaas axiña
e contribuirá ô rexurdir cultural de Galicia.

ESTEBO, por Xosé Lesta Meis,	3'50 pesetas.
HISTORIA SINTÉTICA DE GALICIA, por Ramón Villar Ponte.	5'00 «
GRABADOS EN LINOLEUM, por Xaime Prada.	2'50 «
A TOLA DE SOBRÁN, por Farruco Porto Rey.	0'80 «
TRIPTICO TEATRAL, por Antón Villar Ponte.	3'00 «
A FIESTRA VALDEIRA, por Rafael Dieste.	2'50 «
DOCTRINA NAZONALISTA, por Ramón Villar Ponte.	2'50 «
OS CAMIÑOS DA VIDA (novela en tres partes), por Ramón Otero Pedrayo.	
OS SEÑORES DA TERRA (1.ª parte).	2'50 «
A MAORAZGA (2.ª parte).	2'00 «
O ESTUDANTE (3.ª parte).	2'50 «
DE CATRO A CATRO, poemas por Manuel Antonio.	1'50 «
O PORCO DE PÉ, novela por Vicente Risco.	3'00 «
MARÍA ROSA, comedia por Gonzalo López Abente.	1'20 «
CANTIGAS E VERBAS AO AR, poesías de Sigüenza.	2'00 «
DE MIN PRA VÓS, contos populares por Ricardo Carballal.	1'00 «
O BUFÓN D'EL REI, drama por Vicente Risco.	0'80 «
O GALO, poesías de Amado Carballo.	3'00 «
SEGUNDO LIBRO DE COUSAS, por Castelao.	3'00 »
A VOLTA DO BERGANTIÑAN, por Xesús San Luís Romero.	0'50 »
ROMANCES GALEGOS, por E. Blanco Amor.	4'00 »
A LAGARADA, por Ramón Otero Pedrayo.	0'80 »

EFECTOS NAVALES

de

FERRER E COMPAÑÍA - SUCESTORES

F. Bertrán e Mirambell

VIGO E A CRUÑA

(CASA FUNDADA EN 1868)

Artigos xenerás para equipo da Mariña militar
vapores, barcos de vela e pescadores.

Grandes Almacenes de Tecidos

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIONS.

INMENSO SURTIDO EN PANOS DA REXIÓN E EX-
TRANXEIROS CONFECIÓNANSE TODA CRAS DE
PRENDAS PARA MULLERES, HOMES E NENOS

San Andrés, 41 e 43 -- Teléfono 256

A CRUÑA

FILLOS DE H. HERVADA

(CASA FUNDADA EN 1865)

A CRUÑA

FERRETEIRIA, QUINCALLA, MUEBLES, MAQUINAS, PEDRAS FRANCESAS PARA MUIÑOS ETC. ETC.

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

Redacción e Administración

Rúa Real, 36 - 1.º

A CRUÑA

Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano
6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO XIII



1.º de Abril do 1929



Núm. 259

AO DECORREL-OS DIAS

En nota oficiosa publicada fai poucos días anuncia o xefe do goberno hespañol o seu propósito de cesar na dirección da dictadura. As súas verbas teñen caracteres de propósito decidido e pol-o mesmo compre supoñer que a anormalidade política hespañola logo vai a desaparecer.

Por agora é un enigma a sucesión á dictadura, non se sabe en que vai a consistir o troque. Nós pensamos que un paso, como o que anuncia o presidente, non pode verificarse somentes trocando persoas. O preito é exclusivamente de procedimentos. Cabe, pois, supoñer, que o troque será radical ou pol-o menos preparatorio para unha nova vida política constitucional e normal.

O feito siñifica, por riba de todo, que se aveciñan días de intensidade política, de forte inqueda en que as opinións teñen de saír á palestra a se manifestar espidamente para contribuir co seu particular pensamento á formación da nova estrutura política hespañola.

Unha obra na que todos temos o noso papel ao que non podemos nin debemos renunciar.

Por agora non podemos falar mais do caso porque nos faltan elementos de xuício para saber en que vai consistir o troque. Pero como o mais intresante é o feito en si, debemos, ao mesmo tempo que celebral-o, dispornos a estar alerta e preparados para facer ouvir a nosa voz e facer valer os nosos dereitos na hora que se aveciña. Estas verbas, por agora, non teñen outro desexo que o de seren unha chamada á concencia política galega e mais aínda aos homes que arelan unha nova e futura Galicia.

Foille permitido a «El Sol» expoñer o seu pensamento político. Como consecuencia e servindo de base o comentario do programa de «El Sol», a maior parte da prensa expuxo a súa ideoloxía. Agradabre momento en que, anque sexa de favor, permítese a exposición do pensamento.

::: Este número foi revisado pol-a Censura :::

Este número foi revisado pol-a Censura

PORTUCALE

REVISTA ILUSTRADA BIMESTRAL
DE CULTURA LITERÁRIA, SCIENTÍFICA E ARTÍSTICA

Estuda a Terra, o Povo, e a Língua de Portugal

Bibliografía portuguesa e estranxeira

Directors:

AUGUSTO MARTINS, CLAUDIO BASTO
& PEDRO VITORINO

Colaboração dos melhores Escritores portugueses

Assinatura anual:

Portugal continental e insular, 15 escudos.

Colónias portuguesas, 25 escudos.

Brasil, 10 pesos 000 réis.

Outros Países, 6 chelíns.

Redação e Administración:

R. dos Mártires da Liberdade, 178

Pôrto (Portugal).

Edicións de MARANUS

Rua dos Mártires da Liberdade, 178

PORTO

Nórton de Matos—A Provincia de Angola	30 esc.
Wenceslau de Moraes—Relance da História do Japão.	12 >
Ezequiel de Campos—Política.	10 >
Carlos Parreira—Ex-Votos.	10 >
João T. de Vasconcelos—Memórias dum caçador de elefantes.	10 >
Branca Lopes Martins—Contos para crianças (ilustrado).	8 >
Cláudio Basto—Foi Eça de Queirós um plagiarador?	15 >
Cláudio Basto—A Linguagem de Camilo.	15 >
—O Doutor Diabo.	5 >
Pina de Moraes—Ao Parapeito.	10 >
Leonardo Coimbra—O problema da Educação Nacional.	2,5 >
—S. Francisco de Assis.	5 >
—Notas sobre a Abstracção Científica e o Silogismo.	5 >
Augusto Martins e Marques Teixeira—Tábua de logaritmos (a cinco decimais).	18 >
Augusto Martins—Elementos de Aritmética (1. ^a e 2. ^a classes).	10 >
—Elementos de Algebra (3. ^a classe).	8 >
—Elementos de Algebra (3. ^a , 4. ^a e 5. ^a classes).	18 >
—A Matemática.	10 >
—Trigonometria plana.	10 >
—Licen Feminino do Porto.	5 >
Lídia Seifulina—Caminhantes.	8 >
A. C. Pires de Lima—Cancioneiro Popular de Vila-Real.	6 >
Leão Martins—Lá diz o ditado...	3 >
Visconde de Vila-Moura—Entre Mortos.	6 >

Pidan o catálogo ilustrado

Este número foi revisado pol-a Censura

A TERRA PROMETIDA

Non se pode dicir que todol-os pobos sexan donos do seu chán coma d'un corpo xeográfico. Moitos viven n'él pasivamente, estranos, somentes acampados. Sería un método suxestivo pra crasificar os pobos iste d'esculcar o grado, o xeito, a intensidade da identificaceón dos homes c'a sua pátreia. O problema non é un xogo bizantino. Pra considerálo coma vidal abonda ouservalo un pouco de preto nas múltipres derivaciós baixo o acontecer enganoso das aparencias. Ténse dito, quizáís con certa figura de razón, que na Galiza abúsase do nome de Te-

rra. Esquecen os que tal cousa afirman unha categoría esenzal pechada na verba úneca, fonda, agarimosa, animadora. A suprema categoría do espírito latexante no curto nome. A causa remanece no feito central da íntima (en fin de contas a soila verdadeira) hestórea de Galiza: a maís completa fusión posíbre da raza c'o chán. Hastra o punto de que o noso coberto d'un humus humán non deixa afrorar un soilo anaco de roca estrano à raza. Estamol-os galegos na Galiza tan fortemente dibuxados no praneta da humanidade como unha insua no mapa físico,

unha insua emerxida e criada d'os primeiros tempos xeolóxicos.

Mais eiquí adquire carauter xeneral o fermoso símbolo bíbrico da terra prometida. El Señor mostrouna ô pobo escolleito pra que n'ela comprira seu fin providencial: ser pá-trea da Verdade salvadora. Cada pobo debe escoitar escuramente nas infindas arelas da i-alma coleutiva, craramente detremiñada nas palabras dos poetas creadores, isa promesa deitada por El Señor. Unha voz moitas veces escurecida por outras voces pasaxeiras, moitas veces aldraxada en nome de falseiros cosmopolitismos. Si se deixan levar d'elas os pobos culpabres pasarán. Sicut soles, sicut naves, velut umbra. E as suas roinas apenas deixarán algun resto na impracable nudez dos tarreos xeolóxicos. Mais os fieis, darán un pouco de vibrar do espírito hastra as pedras e as fontes, e cando cheguen a consumaceón dos tempos aínda dirán, como o primeiro día, unha verba espranzada na língoa nadal.

Hai unhas fondas páxinas de Hegel nas primeiras leuciós de Filosofía da Hestórea Universal. Debían ser meditadas e ardentemente sentidas por todol-os galegos. Non conteñen ningunha idea nova; son eispreseón acertada d'unha das poucas ideas eternas, as soilas que teñen positivo valer.

Hai unha terra prometida pr'os galegos: Galiza. Unha terra quer dicir un espírito. Un camiño pol-o deserto pra conseguila: un tempo de sacrificio e idealidade, de todol-os istantes, de todol-os homes, de total-as enerxías. Soilo se pode chegar a ser universal, é dicir, triunfador do tempo, facéndose donos da terra da redenceón, pra que n'ela poda nacer a palabra da verdade. Cando Galiza sexa dona do seu espírito será escoitada pol-o mundo, e outravolta será o fogar a onde acodan os camiños infindos da terra e da mar. Ollamos a un labrego rompendo un monte esgrevio pra fazer unha leira; pouco dispoixa ise home apodrecerá no adral da eirexa; entr'a leira e a coba queda fundada unha irmandade inmorrente. D'iste xeito Galiza traballando o seu mundo espíritoal chegará a convertilo todo en terra de labranza. A materia galega redimida pol-o espírito, a lección dos mundos novos que están na man

dos homes de fé, a exempraridade pr'os maes pobos, a Galaxia novamente acendida, toda lus de i-alba nos nosos montes, ningun remorso enrte os nosos hirmans.

R. OTERO PEDRAYO

CON FERREÑAS E PANDEIRO

Alá en Mondoñedo un jesuíta botou un sermón. Hai quen pensa que botar un sermón é facer unha conversa no púlpito para que os fieles pasen o tempo agradavelmente. E isto non é verdade. As donas non van á igrexa a abanarse, nin, as mociñas a ollaren aos noivos de esguello, nin os profundadores a escoital-a plática, e logo rexubal-a, e se a man ven, chamarlle burro ao predicador.

O que vai a un sermón ten que ire disposto a comoverse e chorare. Os nosos abós choraban sempre. Podían esquecerse da merenda, da caixa do rapé e do nome que tiñan; mais para iren a ouvir o sermón ninguén deixaba na casa o pano onde había de enxugar as abondosas baguas.

E non só choraban sinón que sabían cando e como habían chorar. Ao comén, o sermón escoitabase atenta e seriamente, sin pestanexar. Até era permitido meterlle o cóbado nun vacío ao veciño do lado se ao millor estorbaba. Na igrexa hai que estar con recollimento, i este estado animico require certa comodidade corporal. Ja no medio do sermón enrugaban a faciana e deixaban escoar unhas bagullas solitarias e silandeiras. I en canto chegaba a «moción de afectos», cando a oración adquería a máxima elocuencia, a voz a máxima elevación, i o ademán a máxima grandía, tiraban do bulso o pano das baguas e iniciaban un salaio leñe, dondo, que só se ouvia cando o predicador tomaba angustiosamente refolgo.

Así que o salouzo se ía generalizando, i as almas estaban dispostas ao pranto, o crego collía às escondidelas, nun erguer e baixar de brazo, aquel rolló que se desenvolvía na sua man tremelante, i amostraba aos ollos embazados, as benditas almas do purgatorio, entre línguas de fogo, ora vermellas quer amarelas, que lambían e torraban paseniñamente aqueles corpiños benditos.

Entón corrian as baguas a rego, a sonoridade dos salonzos fundíase ca verba afervoada do orador, que sabía concordare o seu pranto grandilocuente, tremebundo e xemebundo co choro injelo do povo. Salaiaban vellos e mozos, choraban o sancristán i o monaguillo, i o que non tiña gana de chorare choraba tamen afinal, por simpatía lacrimosa, por contagio, vendo como choraban os demais. Non chorar era unha vergoña.

Peró agora a humanidade leva un croío no canto de coración. Agora non hai quen chore. As choronas non fan o pranto porque ja non se pagan as baguas, i aínda que as pagaran tampouco habería quen chorase. Os peisanos non chorán a morte da becerra; levan a vaca ao boi i esperan uns meses. Os nenos tamén se negan a chorar; se lles dan a teta, maman, e sinon vanse a jogar ao futbol tan peneireiros. Secouse a fonte das bagullas. Non falta quen-o atribúa a aridez dos versos de avangart; pero eu non-o creo, porque o mundo está cheo de mentirans, i ademais porque coñezo ben a historia do non chorar.

O precursor foi aquel cherepa que rabuñaba docemente a lomba da sua soá contra a pia da alga bendita, e sorría satisfeito mentras a cóntrica grei choraba unánime as dores da Virxe. O predicador reparou nel i ollouno fite a fite:

—E tu ¿cómo non choras, cherepa miseravel?

O feliz chepiñas veu como se crebaba de sócato o seu soave benestar, asañouse, e nun fiño de voz insolente, saltou:

—Eu non son desta parroquia!

Dende aquela a gente dou en trocare de parroquia i en non chorare.

O jesuíta que predicou en Mondoñedo sabia todo isto e fixose unha pregunta: Cal é a obriga dos bons cristianos que ouven un sermón? Pensou un pouco e achou a mesma resposta que eu lle diría se me interrogara a min: Choraren. Cal é a miña obriga? Tornou a cabillare e díxose o que eu lle diría: Facel-os chorar. E, conquerido pola luz dos seus lóxicos razonamentos, asenllou a maneira de lles forzar a válvula das bagullas. Encontrouna ou pensou que a encontrara, sobeu ao púlpito e botou o sermón.

E chegou o momento solemne. Os fieles, ao agarimo do calorciño animal, no ambiente tépido do templo, seguían sin maior interés o discurso. Fóra, nas rúas, facía un nordés frío, húmido, desagradavel. As vellas moneaban arroladas pola voz manselña e grave do jesuíta. Os noivos mirábanse polo rabiño do ollo. Os nenños, cansos de ouvir a aquel home tantas cousas extrañas que eles non entendían, pasmaban nas luces escentilantes, gozando nas facianas bondadosas dos santos e dos angelotes en quietude absorta de pau e de pintura. As donas, embrulladas na moleza morna dos seus gabans, remexíanse no escano, satisfeitas de tanta comodidade. Atopábanse ali tan ben! Vían con dor que o sermón se rematase. E comezou a «moción de afectos», sonou a hora do pranto amargurado; i os mindonienses non choraban. A eficacia da palabra batíase en derrota, o fogo da oratoria daba menos luz que un mixto do monopolio hespañol. I o sermón era mui bonito; pero acababase. Só lle faltaba ao jesuíta amostrear o Cristo i engadere unhas frases cheas de entusiasmo e fervor.

Mais, o predicador decatárase do difícil que lle sería facel-os chorar. I el quería baguas. E para apouvgal-as almas e mergullal-as na dor, i amolecer aqueles coraçóns duros e xiados como o bren, non sacou a estampa das ánimas qual noutrora nin o Cristo como se adoita actualmente. Sacou unha calivera, unha calivera medorenta, arripante, botando lume polas concas dos ollos, e baba de luz pola laña fanada da sua media boca negrexante, e por entre as espantaveles chavellas roidas e regañadas.

Algunhas mulleres cairon esmorecidas nun pasamento; as mocías fujiron espantadas; oubo quen se foi das augas co medo; aos nenos alpurizaronselle os cabellos como si ventaran ao lobo, romperon a chorar, e non durmiron aquela noite, soñando ca morte gadaña. O sermón rematou n'unha desfeita. I os cronistas protestaron.

Pero eu estou co jesuíta. El tiña que facel-os chorar e choraron. De medo ou de dor; pero choraron. Á igrexa non se vai a pasalo tempo. Vaise a rezar polos difuntos, polos que son agora calivera i osos podrecentes, vaise a pensar que somos mortais i a facer consideracións sobre os novísimos: morte, juízo, inferno e gloria. E se non non se vai.

O uso da calivera iluminada pode parecerlle aos infrosos, aos mexiricas e malpocados, un procedemento macabro. A min parece me pouco aínda. Se eu fose predicador, ao final dos meus sermóns amostaría un esquelete enteiro, i esmagaría os azos cun catiplinear de osos de morto.

Os nosos antergos vían todol-as noites a Santa Compañía; facíanlle o abellón aos seus difuntiños; eran perseguidos polos vagalumes; enterradores a rolda; algúns tiñan o ramo cativo, i a moitos metíaselles o demo no corpo. Na casa podía non haber sal para o caldo; mais nunca fallaban duas cadeliñas para que o crego dixese un responso polos finados.

Honoraban e respetaban a morte; pero non lle temían. Nin a buscaban nin se arredaban de ela. A millor muiñeira era a que punteaban no adro, pe da cova de seus abós, desde onde facía poucas noites lle acenara unha visión do outro mundo. Os mortos vivían na lembranza e no corazón, i as veces falaban cos vivos para darlles un consello, revelarlles un segredo ou pidirlles un par de misas.

A NOSA TERRA

I aquelas gentes eran rejas, brandas, sans como buxos. Misturaban a vida ca morte, i o que menos tiña unha dúcia de fillos.

I agora hai quen vai a ouvir un sermón, amostranlle unha calivera de pau cun cabiño de vela dentro, e ponse a morrer co medo.

A nosa terra estase enchendo de caguñas.

DAMIL



Sobre a fenestra da Vida
miña i-alma debruzada
a esculcar na inmensidade
as formas da ben-amada.

*

Sua voz sonou loumñante
no meu vivir esquencido,
e vou trás ela correndo,
na escuridade perdido.

*

As suas caricias sentín,
nos seus ollos me mirei,
e dos seus beizos resólio
de bicos longos gustei.

*

Despois... Da dôr as gadoupas
feriron meu curazón:
e a dita miña esgazada,
e morta miña ilusión.

*

Levo no peito o desazo
i-o peso da lonxanía,
e cabo a i-alma, a friaxe
da mais crudel invernía.

*

A rente das mágoas miñas
o fel da espranza esvaída,
i-encol do meu corpo endebre,
a soga do amor cinguida.

*

Abreume o espazo vereda
e vou camiño do alén
falando a quen non m'escoita,
chamando a quen mais non ven.

* * *

Sobre a fenestra da Vida
miña i-alma debruzada
a esculcar na inmensidade
as formas da ben-amada.

X. LAMENÚ

O sentimento nazonalista e o Internazonalismo

Estudo presentado ó «Seminario d'Estudos Galegos» por Ramón Villar Ponte.

(Proseguimento)

Constituída a representación política mais avanzada de Polonia pol-os socialistas antramentras que o asoballamento e a falla de libertade eisistiron, a actitú d'eles foi decote de franco e decidido nazonalismo, circunstancia que determinou a ruptura termiñante dos socialistas da Posnanía cós de Alemania e de cuio feito foi causa inicial a campaña violenta, de desnazonalización que contra da lingua polaca en pirmeiro lugar emprenderan os alemáns. A escisión púxose de manifesto no Congreso socialista de Munich no ano de 1902.

Dentro do nazonalismo ucranio, do verdadeiro nazonalismo, ou sexa dentro de aquel que soio se contentaba coá independencia, figuraba como aspiración suprema e básica do programa reivindicador a creación de un Estado socialista e, pol-o mesmo, asentado encol de afuzadas e radicaes reformas políticas e sociaes.

Unhamanifestación eloquentísima de como a libertade da patria, a súa soberanía íntegra é custión que se sobrepon a todas, até o punto de faguere que total-as demais se amostren como subordinadas a ela, a temos có ocorrido perante algún tempo na Alsacia Lorena. N-iste país os elementos proletarios esqueceron ou deixaron relegada a lugar secundario a súa acción societaria pra poder consagraren a frol das súas enerxías e dos seus azos á impedire a xermanización que o país conqueridor, Alemania, por tantos medios tencionou. I-eisí, con tal motivo, o siñificado socialista E. Reybel esquirbía no coñecido xornal parisien «L'Humanité»: «Perante vinte anos, os obreiros alsaciano-loreneses apoiaron con total-as súas forzas o movemento de protesta contra da adhesión. Isto siñifica a intelixenza antre burgueses e proletarios, antre patronos e asalariados».

Pro dimpois, engade o mesmo Reybel, comprendendo que había que faguere algo mais que limitarse a combati-la xermanización, sen deixaren a loita rexa contra de ista, escomezaron a acción de crase, termando de non perderen de vista endexamais a conservación do espírito propio, da propia personalidade, sendo percisamente o partido socialista alsaciano-lorenés o rexo defensor do cultivo da lingua francesa nos centros educativos e de insiño. Pro aínda hai mais. Cando a discusión no Reichstag do proieto de constitución pr'Alsacia-Lorena, n-ela interviron, asiñalándose como partidarios de que se lle fixesen as meirandes concesións autonómicas, os socialistas que tiñan asento na cámara citada.

Falando o distinto publicista catalán Rovira Virgili na súa intresante e documentada «Historia dos movementos nazonalistas» —da que nós tomamos varios datos dos insertados n-iste traballo—do movemento flamenguista dí: «Os liberaes e socialistas flamengos son prenamente nazonalistas. Antre os campeóns do flamigantismo, hai o liberal Lois Franche e o socialista Camilo Huysmans. Na terra flamenga os partidos non usan outra língoa que a do país; o flamengo é o linguaxe oficial das súas asociacións; en flamengo están esquirtos os seus xornaes, folletos e libros de propaganda. As cooperativas obreiras do partido socialista empregan o flamengo, e n-iste idioma ostentan os seus rótulos. O nome flamengo da gran mansión dos socialistas de Gante «Voruit» —¡Adiante!—, é sonado.»

No derrubado Imperio Austro-húngaro houbo un tempo en que o partido socialista coidou tere na súa man a solución dos enguedellados probremas nazonalistas alí pran-teados, i-eisí, coidándoo certo, puido En-

gels, cando xe se achaba no pasamento, dirixire a Victor Adler, *leader* do socialismo austriaco, as seguintes verbas esqurtas: «En Austria, o partido socialista é o único que ten porvire, porque soio él pode resolver o problema das nazonalidades». N-efecto; o tal partido, moi lonxe de resolvere ise problema, findou por escindir-se seguindo as diversas correntes nazonaes e dando orixen ao xurdimento de tantos partidos socialistas cantas eran as nazonalidades eisistentes no Imperio, o que veu a determiniare que o partido socialista austriaco fora a modo de unha federación internazonal de xuntanzas socialistas correspondentes a diversas nazonalidades. Lagardelle, esqurtor socialista, a propósito de isto decía en «L'Humanité»: «A crase obreira nazonalizouse a medida que a súa orgaización medrou. A primitiva homoxeneidade internazonal pasou progresivamente á heteroxeneidade nazonal de hoxe». Con referencia aos difrentes conflitos xurdidos no seo do movemento obreiro da Austria denanteriore ao derrubamento, esqurbía o socialista italiano Arturo Labrida: «O movemento socialista austriaco e o partido socialista de iste país sufren unha violenta axitación e unha crisis perigosa porque por debaixo da etiqueta e do barnízo internazonalismo ergueuse o corpo nazonal; o sentimento nazonal, lonxe de sere esmorecido pol-as mesturas do internazonalismo, fixose mais denso, mais mēsto, mais choído e mais enérxico. O caso de Austria é o argumento en favor da tésis asegún a cal os sentimentos nazonaes abranguen e ultrapasan os sentimentos sociaes». Outro esqurtor, o austro-alemán Edurn-Steinitzer, chega a sentare afirmacións semellantes.

Moitos alegatos como os transcriptos puidemos citare, non-o faguemos por qu'elo alongaría en demasía o noso traballo, alongación que non é necesaria xa que coidamos que hai de abondo cōs exempros que se intercalan pra faguere patente como o sentimento patrio foi decote, en total-as ocasións, o orixen das varias e decisivas actitudes humanas, ate o punto de obrigare a que a él se subordinaran total-as accións e pensamentos, aínda os reputados como esenciaes e de verdadeiro fundamento.

O IMPERATIVO NAZONALISTA NA CONCENZA INDIVIDUAL

Sempre que d'elo houbo ocasión, os individuos mais siñificados do internazonalismo ao fagueren a eispricación ou o comentario das suas doutrinas, deixaron antreollare nas verbas ou escritos a eles pertenescentes como pr'á realización dos ideaes que constituían o seu degoiro aceso se non faguía mester eiscriure sinón, contrariamente, tere moi persente a realidade que as unidades razonaes, as nazonalidades son, pra encol d'elas, como sólidos e verdadeiros cimentos onde afincare i-erguere o xúrdio edificio da futura orgaización mundial, que antre os moitos benfizos a reportar terá de proporcionare o inestimabel da pacificación universal e tantos outros como d'él se derivan.

De iste xeito, na obra lumiosa do inesquecente apóstol da paz universal e verdadeiro mártir d'ela, Johan Jaurés, se atopan, abundosos, os trechos corroboradores das nosas afirmacións. I-eisí, craras e terminantes se ofrecen as verbas en que Jaurés dí: «Esnaquizare as nazóns sería derrubare focos de luz, e non deixar subsistire mais qu'esvaídos resprandores de nebulosa. Sería, ademais, suprimire os centros de acción difrente e súpeta pra que non subsistira mais que a incoherente lentitude do esforzo universal. I-encol de todo, sería suprimire toda liberdade, porque a humanidá, non condesando mais a súa acción en razóns autónomas, pediría a unidade a un vasto despotismo asiático». E igualmente craras i-elocentes son istas outras verbas, por Jaurés pronunciadas n-un discurso en París dando conta da súa actitude no congreso socialista internacional de Stuttgart en 1907: «Non é posibel que aos proletarios lles sexa indiferente a independencia das nazóns no estado presente do mundo. A unidade humana realizaríase na escravitude, si fose o resultado da absorción de total-as nazóns vencidas por unha nazón dominadora; a unidade humana soio pode crearse na liberdade pol-a federación das nazóns autónomas». Non menos siñificativas son istas liñas que aparecen no libro «L'armée Nouvelle» e que traducidas dín: «Todol-os socialistas deberíamos termare de

que os nosos actos e as nosas propagandas convenceran e tranquilizaran até os mais timoratos de que as nosas doutrinas e a nosa táctica, lonxe de pôre en perigo a independencia nazonal e de destruíre todo o que hai de digno e d'ergueito no sentimento patriótico, erguen iste sentimento, faguéndoo compatibel cō patriotismo dos demais e cō qu'eixise o progreso e a emancipación do xénero humano».

Mais non é iso soio. Convencido Jaurés da imposibilidadá de poder prescindire, consentemente, do sentimento patriótico, do patriotismo, esquirbía n-un traballo seu: «Cando a crase obreira maldice a patria, cando cree maldecila, non maldice mais que as miserias que a deshonoran, as inxustizas que a dividen, as xenreiras que a destrózan, as mentiras que a eisprotan, e ista maldición aparente non é mais que un chamamento á patria nova, ao frolescimento en todo o seu esplendor do verdadeiro xenio nazonal pra que a idea da patria poida perdurare dentro da Humanidá de mañan». E como unha alusión esvaída á necesidade imperiosa que a humanidade ten de resolvere o probrema nazonalista, manifesta o chorado *leader* de que nos vimos ocupando n-un discurso por él pronunciado en París o día 7 de Setembro do 1907 que «... cando unha nazón foi opreixa, os proletarios de ista nazón suxeta están tan prodixiosamente preocupados en resucitare ao seu pobo, que non poden empregaren toda a súa actividade na emancipación do proletariado». É pra que non fique dúbida de como pra Jaurés a liberdade das nazonalidades, e dentro das nazonalidades de todos e cada un dos factores que as integran, constituie condición *sine qua non* d'equilibrio, progreso e benestar, aínda engadimos novas liñas suas nas que manifesta que: «... non hai verdadeiramente humanidade sinón onde hai independencia, vountade activa, libre e leda adaptación do individuo ao conxunto. Alí onde os homes están baixo a dependencia e a mercede de outros homes, alí onde as vountades non cooperan libremente á obra social, alí onde o individuo está sometido á lei do conxunto pol-a forza e o costume e non pol-a razón, a humanidade está envilecida e mutilada. E,

pois, soamente pol-a abolición do capitalismo e o advenimento do socialismo presuñendo, como pode adiviñarse, a liberación total das nazonalidades opreixas.

N-un congreso socialista internazonal que se celebrou n-Alemania en 1907 entabrouse unha longa i-enguedellada discusión encol dos medios abranguibeis ao proletariado mundial pra evitare os conflictos bélicos. Antre outros siñificados tomou parte o francés Hervé, cuias propostas radicalísimas e un pouco utópicas, de un marcado sabor antipatriótico, determinaron a intervención oposicionista de moitos congresistas mais achegados á realidade que o francés, e antre os que destacou pol-a súa afortunada réplica o *leader* do socialismo e das reivindicacións proletarias alemans de denantes da guerra, Augusto Bebel. D'él é o seguinte anaco da réplica aludida: «Hervé dí que a patria é unha patria de crases domiñantes e que non intresa aos proletarios (1). Pódese atopare unha idea idéntica no «Manifesto Comunista» no cal lése: *O proletariado non ten patria*. Mail-os discípulos de Marx i-Engels—sigue Bebel—decraron que non compartían xa a opinión do Manifesto, e tomaron unha actitude positiva no curso dos derradeiros anos, nas custións europeas que teñen un intrés nazonal... A cultura e o desenrolo da civilización de un pobo soio poden evoluzionaren favorabelmentes na liberdade e na independencia, e coá axuda da lingua materna. Por iso o pobo que se atopa baixo a domiñación eistranxeira, loita en total-as partes pol-a liberdade e a independencia nazonal». Como todos poden decatarse, Bebel, sen perdere o seu carácter internazonalista, saleu á defensa do criterio razonabel, do verdadeiro criterio adimisibel pol-o que a futura orgaización mundial necesaria pra o mantemento de unha paz que non sexa a adoitada paz armada—*Si vis pacem para bellum*—terá de consideirare como unidades básicas ás nazonalidades naturaes, das que se non fai posibel prescindire xa que res-

(1) Ista opinión foi rectificada mais tarde pol-o mesmo Hervé, cando a guerra europea lle fixo sentire a súa identificación ausoluta coá patria que viñera negando ofuscado por utópicos ideaes.

ponden ao imperativo das leis que fuxen ás mudábeis e fráxiles decisións humanas.

Referíndose ao internazionalismo decía o *leader* socialista belga Vandervelde n-unha confrenza por él pronunciada no Kings Hall de Londres no mes de Nadal do 1914, diante de unha numerosísima concurrenza integrada principalmente por proletarios ingleses, que «A orgaización internazonal no futuro non podería negare nen desprezare o valor do patriotismo nazonal e da lealtade a un país; unha orgaización social internazonal consistente—prosigue Vanderverde—haberá de tere como forma institucións nazonaes, autonomía nazonal». Pro xa o mesmo pensamento informara o *rapport* que o mesmo Vandervelde, con xéral e case que unánime aprobación, presentara ao Congreso internazonal socialista celebrado en Stuttgart no 1908, e de cuio *rapport* é iste anaco: «A Internazonal non será unha masa informe, unha *papilla* de nazóns descompostas, sinón a libre e armónica federación de nazóns autónomas». Engadindo mais adiante que «A libertade e a orixinalidade das patrias son necesarias ao crecemento do proletariado e á riqueza variada do xenio hu-mán».

Non prescinde tampouco, nen moitísimo menos, das nazonalidades L. Jøuhau, o coñecidísimo segredario da «Confederación Xéral do Traballo» da Francia, cando dirixíndose en consello a determinadas orgaizacións proletarias lles decía: «Hai que ourentare os esforzos de todos deic'a constitución da Federación dos pobos, agrupando total-as nazonalidades, a fin de lles dare—a elas e a toda a Humanidade—o máisimo de desenrolo e de benestare».

O BERRO NAZONALISTA NA CONCENZA COLECTIVA

E non son soio as manifestacións illadas dos mais significados membros do internazionalismo as que coá sua grande forza convincente proban como pra o trunfo da futura orgaización internazonal por eles anunciada, e que terá—ao seu decire—de dar a paz decisiva aos pobos, se non fai perciso ire en contra dos sentimentos nazonalistas nen moi-

tísimo menos. Acordos e concrusións solemnemente votadas n-asambreias xéraes que se achaban integradas pol-os persoeiros e delegacións das forzas mais avanzadas e democráticas de cada país, amostran tamén, ben craramente, a necesidade ineludibel de contare decote cós factores nazonaes, aténdose ás realidades qu'eles siñifican, pra que os ideaes predicados como solución definitiva poidan afincarse n-un basamento de realidades sólidas, rexas e, pol-o mesmo, ofrescedor de firmeza e seguranza.

Con todo craror, sen escuridades nin en-guedellamentos, se manifesta o pensamento que informou a unha entidade tan importante como a comisión socialista internazonal que a confrenza axuntada en Berna en 1919 desñalara, cando redactou un coñecido manifesto dirixido a todol-os traballadores do mundo. D'él son os anacos que sigue: «A nosa reivindicación n-iste Pirmeiro de Maio é unha Sociedade das nazóns fundada nas democracias e intervida por istas; non unha Liga de Governos, non unha Liga de diplomáticos (coma a qu'eisiste) sinón unha Sociedade dos pobos». Precisamente, o que os nazonalistas puros de todol-os países precognizan como medio pra chegarse a un estado de pacificación incompatibel cō actual *statu quo* tan inxusto e pouco legal, e do que son derivación, verdadeira secuela: a política de armamentos, as empresas colonizadoras, os perigosos degoiros imperialistas, etc. etc. E sigue o manifesto: «Saudamos a liberación das nazonalidades que, contra a sua vountade, foran postas baixo a pouta dos Estados militaristas. Negamos o dereito a impõre pol-o conqwerimento, novos xugos ás nazóns. Decramos inalienabel o dereito dos pobos a dispõren de si mesmos». Eis como o noso básico e fundamental punto doctrinal, a crave, como si dixéramos, de todo o noso ideario nazonalista é apropiado pol-os internazonalistas da post-guerra. «Recramos sigue o comentado documento—que no seo de cada Estado ollen as minorías como se garantizan a sua libertade e a sua cultura propias pol-a Sociedade das Nazóns». E non se nos poderá negare que isto é unha eispre-

(Continuaráse)

Un comentario sobre o tema do turismo

Pol-o camiño que levamos coido que han ser poucos os turistas que nos visiten n-istos anos de esposicións barcelonesas e sevillanas e aínda coido que os poucos que por eiquí veñan van marchar unha miga desencantados.

O turista, o verdadeiro turista, comerzante acomodado, propietario ben instalado na vida, empregado con boa soldada, busca no viaxe o beneficio inmediato de dar o ollar no espaxamento, e distracción o ánimo, e busca pra o porvir unha seitura de lembranzas e unha colleita de motivos de conversa que brindar ás amizades.

Alcontrase todo elo nos grandes centros de divertimento, París, Ostende, Trouville, nos que o pracer esponse en estantes como as pezas de tea nas tendas; nos lugares en que natureza e paisaxe adubíanse pra servilos en bandexa como na Côte d'Azur, no Exipto, en Noruega i-en Suíza e nos países de forte caracterización e rexo tipismo como Andalucía.

¿E fora de Santiago, cidade única, que alicientes de aquiles xéneros podemos ofrecer nós ós turistas? O noso París, o noso Cannes e o noso Dauville están inéditos e dígase o que se queira Galicia é aínda unha terra escéntrica, pol-a que non cruzan os camiños do mundo, e por elo tería que dispor de un podente conxunto de atraicións pra chamar a sí unha corrente importante de forasteiros curiosos. É inútil pensar que as paisaxes, as eiréxas, as capelas e os mosteiros e castelos arruíñados teñan por sí soios virtualidade pra tal fin. Teríana si Galicia fora hoxe o que era hai coarenta anos. Teríana si paisaxe, eiréxas, castelos e mosteiros serviran de fondo a un coadro de características vivas, de puxante eclosión de forzas enxebres.

Mais, que é o que fitarían os turistas na nosa terra? Nas estradas construcións absurdas, modelos de mal gusto, no canto das casiñas montesías e das casiñas mariñeiras de onte tan típicas, tan atraíntes e tan amábeles; no meio das campías e no lugar de pazos maxestosos, sendos chalets suízos ou

holandeses, hoteliños mudéxares i-edificios horrendos de ises que se crasifican no noxento apartado da arquitectura *ché*. Nas cidades vulgaridade, luxo bastardo, ostentacións de ricos grasentos e nin unha soia nota nin un soio acento persoal.

E n-outro orden de cousas non eran nantronte as nosas romaxes tan pintorescas como as romerías andaluzas e coma os *pardous* da Bretaña? Non había nas danzas populares galegas tanta ialma, tanto poder de tradición e de creación coma nas danzas vascas, furiosamente aplaudidas en París no mes derradeiro? E quen se atrevería oxe a mostrar a un turista a vergonza de unha das nosas festas, cas labregas ridículamente disfrazadas de señoritas vilegas, cos mozos enfardados en ternos de almacén ou convertidos en entroidos, grazas ós traxes mercados en Pernambuco, en Tampa ou no Canadá, cos fox-trot e os tangos beilados no piso desigoal do turreiro e capaces de facer perder a sereidade o mesmo pai da gravidade.

Había en nós un rico caudal de enxebriño que desbotamos como se desbota un farrapo vello. Había en nós, como país típico, un filón que esprotar que deixamos esgotarse parvamente. Había unha raza viva que morreu ou millor que se disolveu no desprezo que así mesma se inspiraba.

E o turista busca oxe as razas vivas, as que saben presentarlle un conxunto de formas e de actividades diferenciadas. Do mesmo xeito que os homes masculinos e fortes atraen as xentes pol-a podenza esgrevia do seu carácter, a corrente turística síntese atraída pol-os pobos que souperon conservar a súa fisonomía que souperon defender o seu acento. E nós os galegos... coitados, non se sabe xa si somos pobo, si o fumos algún tempo e o que é peor se o chegaremos a ser algún día.

FIZ MOSTEIRO.

Homenaxe aos mortos

Resultou moi solemne o aito celebrado o domingo 17 na Cruña como homenaxe anual aos galegos ilustres que durmen no cimate-

rio cruñés. Concurriu unha enorme cantidade de púbrico ademais das representacións de case total-as cruñesas.

O presidente do Circo de Artesanos noso querido irmán Señor Búa pronunciou un sentido discurso en galego encol do aito que se celebraba tendo verbas e conceptos de elevado sentimento galeguista que causaron fonda emoción nos concurrentes.

Cantou a outa sinificación de Curros e cobizou que o espírito galego dos mortos alumeara a aición dos galegos de hoxe para traballar pol-a santa causa da reivindicación de Galicia.

As suas verbas, que tiveron a novidade agradabilísima de seren ditas en galego por primeira vegada en nome do Circo, produciron fonda impresión.

Falou tamén o representante do Concello señor Sanz explicando o significado do homenaxe e decindo que Galicia está chamada a ser a directora da futura vida hespañola.

En nome da Irmandade da Fala o noso irmán Víctor Casas deu lectura a unhas cuartillas que decían así:

Vimos hoxe, unha vegada mais, a rendir a xá tradicional ofrenda aos ilustres galegos que repousan n'iste cimiterio. A Irmandade da Fala da Cruña ostentando tamén a representación de todol-os núcleos galeguistas de Galicia acude hoxe, como todol-os anos, ategada de fervorosa devoción a sumarse a iste acto patriótico que honra ao pobo cruñés que así sabe pagar a sua débeda con aqueles nosos ilustres homes representativos que adicaron a sua groriosa e exemprar vida a cantar en páxinas maravillosas as grandezas da nosa terra. Aqueles homes que sentiron no fondo da sua concencia de galegos a chamada implorante d'unha terra que merecendo unha vida feliz de groria e libertade ía camiño da morte, esmorecía angustiada asesinada por maus alleas, e inconsentes maus propias.

Pódese decir que o mais grande mérito que tiveron estes galegos desaparecidos que hoxe homenaxeamos foi, mais que o valor ínmenso da sua obra literaria, o valor de saber erguerse barudamente para impedir

a total desaparición espiritual e ainda material da nosa Galicia.

Esculcando no pasado, ollando con ollada firme hacia o porvir, comenzaron a sua maxistral e nunca ben pagada obra redentora.

A derradeira metade do século pasado foi testigo do traballo d'estes homes que sementaron a terra galega de ideas xenerosas de redención preparando o camiño que a xeneración actual anda a percorrer xa con paso firme e seguro deica o conqwerimento total das aspiracións galegas. Eles son os iniciadores da nova era. Eles son, como xa en firme ficaron desñados, os nosos precursores.

N'este preciso momento, entumecidos os membros pol-a inercia prolongada que trouxo consigo iste crudo político inverno que padecemos, o mandato imperativo do deber mándanos vir aquí a falar un anaco de tempo cos nosos precursores. Temos o deber de lles rendir contas, unha vez ao ano, da maneira como cumplimos o seu testamento ideolóxico. E a eso vimos. E non importa que o linguaxe que empreguemos teña que con sordina. Hai o linguaxe espiritual, que voa ceibe como o noso pensamento, que ao igual que os queixumes dos pinos que cantou Pondal entenderán os *bós e xenerosos* e

.....

E temos que lles decir, que a pesar de todo, Galicia está reconstruíndo a sua propia vida. Que nunca como agora viviuse na nosa terra unha tan forte inquedanza de cobiza por abranguer un lumioso futuro. Que a nosa fala, que Curros dixo non morrería, non somentes non morreu se non que de día en día gana mais proséltos para a sua nobre causa. Que hai hoxe como nunca unha rexa e ben unida falanxe de galegos que a cotío empregan o propio idioma para total-as cousas do vivir cotidián e para crear unha cultura propia, maravillosa, que xa traspasa os lindeiros das nosas fronteiras despertando preocupación e agarimo en moitos países extranxeiros.

Temos que lles decir que a semente que eles botaron non caeu en valeiro e que cada día que pasa xurden vizosos e novos froitos

da patriótica laboura que eles iniciaron e nós andamos a continuar.

Porque non é un segredo para ninguén que o actual estado de Galicia ten moita diferenza co estado en que estaba cando eles comenzaron a loita. O mais cego, o mais recalitrante nemigo da reivindicación galega pode comprobalo somentes con un lixeiro eixame.

O espírito de Galicia, a alma esgrevia da nosa Patria, rexurde arestora con pulos dinámicos mergullándose no patrimonio espiritual da súa fala, do seu carácter, de todos os seus valores autóctonos con unha xenerosa arela de reconstrución. A actual xeneración galega abreu os ollos, decatouse firmemente do que foi, do que agora é e do que pode ser a nosa Galicia e sinte xa no fondo da súa conciencia o convencimento preno de que a nosa terra ten no mundo unha misión máis elevada que cumprir que a de ser eterna segundona.

Este número foi revisado pol-a Censura

E a realidade é ésta: Que Galicia camiña firmemente cara un porvir maravilloso que demostrará ao mundo a intrínseca valía da nosa raza á que actualmente non lle é permitido manifestarse íntegramente.

Así pensamos nós fundados na indiscutible verdade dos feitos de hoxe e así pensaban os nosos precursores profetizando os novos tempos.

¿Que máis temos hoxe que lles decir aos nosos queridos mortos? O único que a eles lles importou mentras alentaron. Que a nación de Breogoán despertou xá do seu sono.

Que non o poña en dúbida ningún dos que me escoitan e que para o ano próximo ao vir novamente a rendir contas diante d'eles

poidamos amosarlles máis grandes realidades de progreso galeguista.

Este será sempre o máis grande tributo que poidamos rendir á súa lembranza. Continuar a obra que eles comenzaron. Lembremos aqueles versos de Cabanillas que dín:

...e que non se diga
que non soupemos
cancelar a obriga

que firmaron co'a Patria os precursores.

Porque ademais n'este momento en que unha nova civilización atlántica regula os destinos do mundo, a Galicia, pol-a súa privilexiada posición xeográfica correspóndelle un gran papel a realizar.

Sería un crime de lesa patriotismo e de lesa humanidade desaproveitar ésta hora solemne quizais a máis intresante e decisiva da nosa historia. Seipamos nós, os galegos de hoxe, inspirarnos na obra patriótica d'istes gloriosos galegos facéndonos acreedores ao agradecemento das novas xeneracións galegas e labrando con firmes trazos a indiscutible persoalidade histórica e racial de Galicia n'un próximo futuro de grandeza

Dixen.

Aos suscritores

No presente mes xiraremos contra os suscritores das provincias de A CRUÑA e PONTEVEDRA unha letra por valor de 6 pesetas para a renovación da suscripción por un novo ano.

Confiando na súa favorable acollida agradéceo fundamentalmente

A Administración.

NO SEIXO

A FESTA DA ARBRE FROITAL

Resultou un fermoso aito galeguista a festa da arbre froital celebrada no Seixo o 3 de Marzal. A Irmandade da Fala da Cruña estivo representada pol-os irmáns Lugrís Freire e Somoza.

A falla de espacio impidenos recoller como se merece os moitos detalles reveladores de fervoroso sentimento galeguista que leváronse a cabo.

Cantouse por primeira vegada o Hino ao arbre froital de Maragall con letra galega de Iglesias Roura, que publicamos no noso número derradeiro e que imprentou en follifias a Irmandade da Fala como agasallo ós Amigos da Paisaxe Galega. Cantouse tamén varias veces o Hino galego ouvido con relixiosa devoción pol-os moitos concurrentes.

Pronunciáronse varios discursos entre eles dous en galego por Bello Piñeiro, alma mater acesa en galeguismo do benemérito grupo de amigos da paisaxe galega, e por Lugrís Freire. Dous vibrantes pezas oratorias inspiradas n'un exaltado patriotismo que o público, compenetrado co-as ideas expostas pol-os oradores, apraudeu con gran entusiasmo.

Representouse tamén unha peza galega de Galo Salinas pol-o excelente cadro de decramación do Seixo.

En resumo: Un gran aito galeguista que debéra ter imitadores e pol-o que merescen aprauso querendos todos cantos contribuíron á súa esprendidez especialmente os Amigos da Paisaxe Galega que, como xa dixemos outras veces, está realizando unha laboura meresciente do agradecimento dos galeguistas.

D Ó A S

O home é o animal mais imbécil da creación. Dá vergoña pensalo, pro así temos que reconocelo, sendo o mais lamentábel que poñamos a eispricación dos nosos defectos,

das nosas parvalladas, e do noso orgulo, na vóntade d'un Deus que, non embargante, cobizamos perfeuto e infinitamente bon, sin ter pinta de reparo en apoñerlle a crueldade creal-o porco pra chourizos, a galiña pra pepitoria, o pato pra *foie-grás*, o cangrexo pra cocer vivo...

¡Erguete Buda!

A política, miña moi querida señora na teoría, é na práctica un trevello posto aos homes da boa vóntade no vieiro da vida. Ten tantos dentes como caciques haxa na vila, pra espetarse ata a cana dos osos nas pernas dos parvaxolas que non saiban deixalo a unha banda do camiño, e seguir adiante.

Cando a señorita Samper, reina da beleza —na súa casa— chegou a Valenza, despoixa de quedare en París á altura do bitume, a policía tivo que recuar a paus ao fato de... ¡homes, seres racionás! que saíron recibila.

Agora, os sabidores de Madride, no canto de: *¡qué gallegos!* deciran: *¡qué valencianos!* Pro, non, ¿cómo vai sere, si eles fixeron o mesmo? ¡Ainda abren a boca diante da *bola de Gobernación!*

¡Qué madrileños!

As ondas Hertzianas esparéxense pol-o ámpito a traveso das veas d'ise xigantesco sere que demos en chamar Universo, e do que cada mundo é unha célula, e cada vivente un microbo.

As agullas dos campanarios espétanse nas nubes como xiringas prestas a sugar d'enriba a gracea de Deus pra logo inzar o mundo; emporiso, a eirexa de Kristo apréixase á terra e susténtase do ceio.

ANTÓN GOY DÍAZ

Imprenta NÓS, Real 36-1.º, A CRUÑA

A NOSA TERRA

BANCO PASTOR

Casa central: A Cruña, fundada en 1876

Capital suscrito, 17.000.000
Capital desembolsado, 8.500.000

CARBALIÑO - CARBALLO - O FERROL - A ESTRADA - LUGO - MELIDE - MONDOÑEDO - MONFORTE
MUXÍA - NOIA - OURENSE - ORTIGUEIRA - PADRÓN - PÓBOA DO CARAMIÑAL - PONTEDEUME
RIVADABIA - RIBADEO - SARRIA - TUY - VIGO - VILLALBA E VIVEIRO

ZINCKE HERMANOS

LIBREIRÍA

PAPELEIRÍA

IMPRENTA

Cantón Grande, 21 -- Estrella, 37

A CRUÑA

PAULINO FREIRE

BOUZAS — VIGO

Sucursaes: na Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa Aparellos armados e
en panos, para barcos pesqueiros. Malletas de abaca
e cáñamo alquitranado-Cables de aceiros, ingleses
Aceites xenerás e vexetaes, e surtido com preto para
maquinaria e pesca.

SANTA LUC A, 26 e 28

A CRUÑA

A superioridade dos CALZADOS SENRA

Abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, mais
o procedere d'unha industria galega,

HONRA DA NOSA REXIÓN

obriga á non gastar outros á cantos sinten amor pol-a sua Terra



Fábrica: Avenida da Granxa -- A CRUÑA

DESPACHOS: Cantón Grande, 15 - A CRUÑA -- Real, 110 - FERROL, - Príncipe, 9 - VIGO

AGUAS DE
MONDARIZ

FUENTES DE GÁNDARAY TRONCOSO
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador



Véndese en todas las
Boticas, Droguerías
Hotels,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurants e
vagos-camas de
todolos tres

As mais indicadas en casos
de artitrisimo, desnutrizón, diabetes,
obesidades diversas, doenzas do
aparello dixestivo, anemia
e neurastenia

Riquisma auga de mesa
gaseada naturalmente.

MONDARIZ - BALNEARIO

a 35 kilómetros de Vigo